

# O TEMPLO DE OUVIGO

Creado en 1994 polos alumnos de 8º curso no CEIP dos Blancos-Nº 14 Novembro 2005

Páxina 1 de 2

## 1.-NOVAS: ACTUALIDADE



### 1.1.A AUGA FALTA EN OS BLANCOS por Daniel Rodríguez Salgado

Moitas persoas queixáronse e pensan que a culpa é das piscinas; aínda que chove, falta auga e só algúns teñen pozos para ter auga todo o día, incluso estragaron as piscinas para que non as encheran de auga. Oxalá que veña a auga pronto.

### 1.2.ECLIPSE SOLAR, UNHA MARABILLA ASTRONÓMICA

por Ionut Petronel Pirghie



O día tres de outubro, ás 09:40 horas, houbo un eclipse solar. A Lúa foi tapando pouco a pouco o sol ata que se viu o anel solar, o anel durou entre uns dous minutos, foi toda unha marabilla.

Cando acabou o eclipse, houbo unha gran tristeza xa que non haberá outro ata 2028.



### 1.3.ASALTANTES DE CEUTA E EN MELILLA por Iván Ribeiro Oliveira

Cada día os inmigrantes de Marrocos intentan saltar as dúas vallas, os policías intentan paralos, botándolles gases lacrimóxenos, pero a policía non pode dispararlles. Moitos son feridos cando intentan saltar as vallas, hai algúns que morren. Fin.

## 2. -OPINIÓ

### 2.1.0 COLEXIO

por Jose Antonio Rodríguez Cabido  
e Brandon Barreiro Rodríguez



Creemos que deberían por columpios, tobogán e bambás para os henos pequenos, así poderían pasar mellor o tempo no recreo. Penso que para o patio deberían por canchas de baloncesto, tamén deberían facer un ximnasio para Educación Física cando chova ou faga frío. Tiñan que arreglar as persianas das clases, a poder de subir e baixar algunhas, quedaron atrancadas.

Deberían facer que o pozo da auga do colexio funcionara. Cando é no inverno e chove terían que nos deixar xogar ó fútbol no patio cerrado. Tamén penso que nunha clase que estea baleira deberían por ordenadores. O luns como ás veces temos dúas clases de Relixión, unha deberíanola deixar pra andar cos ordenadores. No campo de fútbol, deberían arranxar as porterías e porlle unha rede. Logo tamén tería que haber un campo de baloncesto. Tiñan que comprar pró colexio os profesores un balón de fútbol e outro de baloncesto. No comedor tiñan que dar máis días chocolate con churros. E para casa tiñanos que mandar menos deberes.

## 3.-ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES



### 3.1.NATACIÓN E BALONCESTO por José Ramón Álvarez Seguí

Eu vou a natación, e gústanme moito porque nadamos unha hora e tamén vou a sauna; e vou todos os días que podo. E tamén vou nun equipo de baloncesto. Pero no colexio non podo practicalo porque non hai canastras. E inda así gañamos algunhas veces, pero se tiveramos canastras sería moito mellor, porque poderíamos gañar máis veces, os partidos de baloncesto.



### 3.2.A INFORMÁTICA por Lorena Barrio Lama

A informática é unha clase moi divertida, sobre todo cando acabamos os exercicios a ordenador xogamos ata que marchamos a casa. As veces quedamos sen xogar ata que acabamos os exercicios, pero eu e o Dani (un amigo) sempre acabamos os exercicios de primeiros. O José Antonio e o Ionut (outros amigos), van moito, moito máis atrás que eu e o Dani. Outro José Antonio e o Luis (o irmán do Dani, que xa vai ó instituto) van un curso máis adiante ca todos nós, porque eu, o Dani, o José Antonio e o Ionut vamos no mesmo curso. O profesor é moi bo con todos menos co José Antonio do meu curso e co outro curso e o Luis sempre enfada o profesor porque ás veces non saben algo que o profesor xa dixo tres veces. Eu e o Dani sempre nos acordamos de todo.

# O TEMPLO DE OUVIGO

Creado en 1994 polos alumnos de 8º curso no CEIP dos Blancos-Nº 14 Novembro 2005

Páxina 2 de 2

## 4.- A NO SA H I S T O R I A



### 4.1. AS MOURAS DO TREBOAL por Alberto Estévez Díaz e Nerea Lama Prol



Os penedos do Treboal están en Covelas, concello dos Blancos (Ourense). Nestes penedos vivían unhas mouras, e unha rapaza de nome María que andaba no monte cogando.

Achegouse ás penas e as mouras e díxeronlle que lle daban unha cesta con fabas que se converterían en ouro se non lle dicía nada á nai; de dicirllo, matabana.

María prometeu non dicir nada, foi coa cesta para a casa e pousouna enriba dunha arca. Pero a nai cismaba:

-¿Qué levas?

-Non ch'o podo dicir.

-¡Oume das a cesta ou che dou unha malleira!

María acabou por darlle a cesta, e como se debe supoñer as fabas seguiron sendo fabas e non se transformaron en ouro.

O día seguinte a rapaza volveu ó monte. As mouras chamaron por ela e logo matabona. Cando se decataron da tardanza, a nai e os veciños foron tras dela pero axiña lles respondeu unha das mouras:

-Mariquiña, maricola,  
con aceite e allo  
me tida na barrigola.

## 5.- PASATEMPOS

III



### 5.1. CHISTES por Iván Penín Vilamarión

I

Varios astronautas reúnen-se na NASA. Un ruso dílle:

-Nós enviaremos un cohete a Mercurio, para estudar a atmosfera.

Un de Estados Unidos dílle:

-Nós enviaremos un radar á Lúa para estudar o satélite.

Un galego dílle:

-Nós enviaremos un cohete ó Sol..

Nese mesmo momento di un: "¡Pero o cohete ó acercarse ó Sol derreterase!"

E o galego dílle:

-Nós non imos a ser tan brutos como para ir de día...

II

A mestra preguntalle a Jaimeito:

-¿Cómo matou David a Goliat?

-Cunha moto.

-¿Cómo cunha moto? Será cunha honda.

-Ahhh ¿pero quería vostede saber a marca?

-Avoíña, cerra os ollos.

-¿Por qué queres que cerre os ollos?

-Porque o pai dixo que cando cerres os ollos seremos felices.



### 5.2. SOPAS DE LETRAS

por Valentina Paz Jorquera Nicolás

I. Busca nesta sopa de letras 5 instrumentos para tocar:

G F R A U T A R A B  
P A N D E I R E T A  
Y P I A N O V W X C  
Z G R T Q R S T U D  
A B C T A M B O R I  
H O L A N M Ñ O P Q

II. Busca nesta sopa de letras 5 planetas que xiran arredor do sol

A O B C D E F  
A I B C D G H  
I R V W R O F  
J U T W R E G  
K C Z R S T H  
R R W X V R I  
T E R R A A J  
S M T W V M M